



CONCELLO DE REDONDELA

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### **DETERMINACIÓN DOS SERVIZOS ESENCIAIS DO CONCELLO DE REDONDELA TRAS A ENTRADA EN VIGOR DO REAL DECRETO LEI 10/2020, DO 29 DE MARZO, POLO QUE SE REGULA UN PERMISO RETRIBUÍDO RECUPERABLE PARA AS PERSOAS TRABALLADORAS POR CONTA ALLEA QUE NON PRESTEN SERVIZOS ESENCIAIS, CON O FIN DE REDUCIR A MOBILIDADE DA POBOACIÓN NO CONTEXTO DA LOITA CONTRA O COVID-19.**

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, adoptou unha serie de medidas en relación coa limitación da mobilidade das persoas, así como das actividades sociais e económicas do noso país, que contribuíron a conter o avance do COVID-19.

Ao longo destas semanas as autoridades sanitarias e demais autoridades competentes do Estado adoptaron distintas medidas destinadas a paliar os negativos efectos da evolución do COVID-19.

O Concello de Redondela no seu ámbito de competencias e territorial, adoptou igualmente as medidas de organización precisas co fin de colaborar na contención da expansión.

O Concello de Redondela, mediante Resolucións de 13.03.2020 e 16.03.2020 ditou instrucións relativas á prestación de servizos por parte dos seus empregados públicos derivadas da situación de crise ocasionada polo Covid-19 que veu dar lugar a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo.

Na Resolución de 16 de marzo de 2020 adoptáronse medidas para conxugar a protección da saúde dos/as empregados/as públicos/as e dos propios cidadáns, coa axeitada prestación dos servizos públicos municipais xeneralizándose a fórmula do teletraballo nos casos que así fose posible, consonte ás disposicións normativas e recomendacións do resto de Administracións.

Co motivo da entrada en vigor do Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, é preciso determinar a aplicación do permiso retribuído recuperable, que se aplicará entre o 30 de marzo e o 9 de abril de 2020, así como establecer os servizos que se consideren esenciais no ámbito da administración municipal.

O citado permiso non resulta de aplicación a:

- Persoas traballadoras que presten servizos nos sectores cualificados como esenciais no Anexo do real decreto-lei.
- Persoas traballadoras que poidan seguir desempeñando a súa actividade con normalidade mediante teletraballo ou calquera das modalidades non presenciais de prestación de servizos.


A Disposición Adicional Primeira do Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo prevé que as entidades locais poidan ditar as instrucións e resolucións que sexan necesarias para regular a prestación de servizos dos empregados públicos incluídos no ámbito de aplicación do Real Decreto

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

RESOLUCIONES DE ALCALDIA

Número: 2020-0812 Data: 30/03/2020



Cod. Validación: 7Z33MGWYQMUR72K9K49M2JYJ | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, co obxecto de manter o funcionamento dos servizos públicos que se consideren esenciais.

Reunido o Comité de seguimento do Concello de Redondela a 30 de marzo de 2020.

En virtude das competencias que outorga a esta Alcaldía o artigo 21.1 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, se procede á adopción da seguinte **RESOLUCIÓN**,

**PRIMEIRO.-** Determinar que, salvo no caso dos servizos esenciais que se especifican no Real Decreto Lei 10/2020, do 29 de marzo, e os que se establecen na presente resolución, o resto dos servizos prestados polos empregados municipais se prestarán en modo teletraballo.

No caso de que non sexa posible a prestación dos servizos na modalidade non presencial e non se trate de servizos declarados como esenciais, se concederá as/ós traballadoras/os municipais o permiso retribuído recuperable nas condicións previstas no Real decreto lei 10/2020, de 29 de marzo, entre o 30 de marzo e o 9 de abril de 2020.

Non procederá a concesión do permiso retribuído nos servizos declarados esenciais previstos no Real Decreto Lei ou determinados pola autoridade municipal.

En todo caso, as/os empregadas/os públicas/os que presten os seus servizos na modalidade a distancia ou tele traballo non poderán ser beneficiarios deste permiso.

**SEGUNDO.-** En virtude do artigo 1 do Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, establecer como servizos esenciais os seguintes:

- Secretaría Xeral
- Intervención municipal
- Tesouraría
- Servizos Sociais (atención cidadanía e poboación vulnerable)
- Policía Local, SEIS e Protección Civil
- Estatística (Padrón Municipal de Habitantes)
- Servizo de asistencia á cidadanía telefónica e telemática (Rexistro e centraliña)
- Servizo de ordenanzas do edificio do Concello
- Centro de información á muller e demais servizos de protección e atención ás mulleres vítimas da violencia dexénero
- Servizo de Informática.
- Servizos funerarios e cemiterio
- Servizos de obras e mantemento para a atención de urxencias en viais e espazos públicos ou edificios e instalacións municipais.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

RESOLUCIONES DE ALCALDIA

Número: 2020-0812 Data: 30/03/2020



Cod. Validación: 7Z33MGWYQMUR72K9K49MZJYP | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



Sen prexuízo de posteriores modificacións ou ampliación do listado de servizos declarados esenciais, atendendo as circunstancias concorrentes.

**TERCEIRO.-** Declarar como servizos esenciais os seguintes en relación con aqueles prestados por empresas contratistas:

- o abastecemento e saneamento de auga,
- tratamento de augas residuais
- recollida de residuos sólidos urbanos
- servizo de axuda no fogar
- servizo xurídico de atención as mulleres vítimas de violencia de xénero
- limpeza dos edificios municipais,
- o servizo informático
- o alumeadado público
- a telefonía e internet
- os servizos administrativos necesarios para a prestación dos servizos esenciais relacionados.

Sen prexuízo de posteriores modificacións ou ampliación do listado de servizos declarados esenciais, atendendo as circunstancias concorrentes.

Deberán garantir en todo caso o mantemento normal dos servizos, atendendo en todo caso ás instrucións que lles foran dadas polos responsables municipais.

De acordo coa disposición adicional quinta do Real Decreto 10/2020, de 29 de marzo, o permiso retribuído recuperable regulado neste real decreto-lei non resultará de aplicación ás persoas traballadoras das empresas adxudicatarias de contratos de obras, servizos e subministracións do sector público que sexan indispensables para o mantemento e seguridade dos edificios e a adecuada prestación dos servizos públicos, incluída a prestación de os mesmos de forma non presencial, todo iso sen prexuízo do establecido no artigo 34 da Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

**CUARTO.-** Acordar que, unicamente se manterá a modalidade presencial do persoal municipal na prestación do seu traballo, para aqueles servizos que teñen carácter esencial e que polas súas características non permitan a modalidade de traballo non presencial.

Non obstante, a Alcaldía ou a Concellería delegada do servizo, fixará uns servizos mínimos, con quendas de traballo, co número de empregadas/os e tempos que requira o servizo, de modo que os restantes traballadores





permanecerán nos seus domicilios, se ben deberán estar localizados en todo momento e poderán ser requiridos cando resulte necesario para a súa presentación inmediata nas dependencias municipais, por necesidades do servizo.

**QUINTO.-** .Declarar que as persoas traballadoras de servizos esenciais ou non esenciais, que estean a desempeñar a súa actividade mediante teletraballo continúen prestando os seus servizos mediante esa fórmula.

**SEXTO.-** .A presente Resolución produce efectos o 30 de marzo de 2020 sen prexuízo da necesidade da súa modificación / adaptación en virtude das Resolucións adoptadas polo resto de Administracións competentes durante o período do estado de alarma.

A ALCALDESA  
Digna Rosa Rivas Gómez

A SECRETARIA  
Ma Ángeles García Villaverde

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**

**RESOLUCIONES DE ALCALDIA**  
Número: 2020-0812 Data: 30/03/2020

